

OLLADA PERSOAL

"Eu creo que ún mira os cadros coa esperanza de descubrir un segredo. Non un segredo sobre a arte, senón sobre a vida. E si o descubres, seguirá sendo un segredo, porque despois de todo, non se pode traducir a palabras. Coas palabras o único que se pode facer é trazar a man, un tosco mapa para chegar ao segredo"

John Berguer.

Me preocupa a mirada do espectador sobre a obra de arte. Ese diálogo entre obra e aquel que moi atento se para a contemplala. A arte en esencia é unha forma de mirar distinta. Quen primeiro mira é o artista. Vou falar dunha importante artista, e digo importante porque pon todo o seu empeño no que fai e o resultado é auténtico.

Consigue o que busca. Chelo Rodríguez é unha artista natural de Porriño, con unha solida formación artística conquerida dende fai moitos anos, con unha identidade plástica personalísima e orixinal. Os cadros de Chelo se recoñecen estén onde estén.

Non vou falar das múltiples mostras nas que participou. Falarei da súa sensibilidade.

A arte é algo que nos emociona ou nos deixa indiferentes. Nós escollemos sempre. Nos gusta ou non nos gusta. Chelo nos aporta unhas obras cheas de oficio e de sensibilidade, e de exquisitez e de esa elegancia que nos chegan moi adentro. Nos emociona, que é do que se trata. E nos emociona porque parte do mais íntimo. Chelo se volca intensamente en cada obra. Chelo é tamén para os que a coñecemos unha fonte de alegría constante. Esa alegría persoal sabe traducila nos seus cadros. E os seus cadros sexan "recunchos" ou "xogos", sexan calquer motivo que escolla sonalegres. Emiten ledicia e eso é moi importante nestes días duros nos que vivimos actualmente. E non sempre ocorre así. Acabo de visitar un museo de arte contemporáneo e a maioría das obras deixaronme frío. Non me emocionaron. E non porque non entenda de arte contemporáneo. Chelo nos aporta unhas cores fortes, e unhas composicións equilibradas. Necesitamos nestes tempos grises e tristes de contemplar as obras de Chelo. Alegres e armoniosas. Sinxelas como é a vida. Forza creativa. Vitalidade.

Comenzaba falando de aprender a mirar unha obra de arte. O artista nos proporciona que miremos dende outra perspectiva. Chelo define a dimensión do pracer de mirar e a sensual comunicación das delicias mundanas. Fai das cousas sinxelas, auténticas metáforas da beleza, podemos ollar as obras en dúas ou en tres dimensións, e aprender a mirar con alegría e acougo.

Antón Sobral